

PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

XUSTIFICACIÓN

Xustifícase a importancia das actividades complementarias e extraescolares partindo da premisa que considera unha educación de calidade aquela que responde ás novas demandas sociais de modo eficaz e proporciona non só un incremento da súa calidade de vida, senón tamén igualdade, xustiza e oportunidades para todos. Neste contexto é no que se foi recoñecendo a contribución das actividades complementarias e extraescolares para lograr unha formación plena dos alumnos/as.

Por outra banda, este tipo de actividades permite unha maior participación da comunidade educativa na xestión, organización e realización das actividades, desenvolvendo valores relacionados coa socialización, a participación e a cooperación.

Este tipo de actividades promoven no alumnado un sentimento de pertenza ao centro e ao grupo, axudan a conseguir que adquiren unha maior autonomía e responsabilidade na organización do seu tempo libre, favorecendo a autoestima nunha serie de alumnos e alumnas que nas materias escolares van mal e que moitas veces as actividades extraescolares danlle a oportunidade de destacar respecto a os seus compañeiros e compañeiras de maneira positiva.

Hoxe en día é fundamental mellorar as relacións entre alumnos e alumnas e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación. Para conseguir este obxectivo as actividades extraescolares e complementarias son unha forma distinta á formal de clase de conseguilo e promovelos.

Cada vez máis é necesario promover un tipo de actividades que favorezan a sensibilidade, a curiosidade, a creatividade así como as actividades culturais e deportivas para que os nosos alumnos e alumnas amplíen o seu horizonte

cultural, sobre todo estando situado o noso centro nunha zona rural onde a oferta de actividades culturais alleas ao centro son moi limitadas.

É a nosa prioridade ampliar o horizonte cultural dos nosos alumnos e alumnas. Por todo iso, estas actividades deben ter o seu lugar dentro da vida do noso centro educativo, integrándose adecuadamente no conxunto das actividades educativas e facilitando a participación dos distintos sectores da comunidade educativa na elección, organización, desenvolvemento e avaliación das actividades complementarias e extraescolares.

Tal e como recolle o **Decreto 374/1996**, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico dos centros de educación infantil e de educación primaria e na **Orde do 22 de xullo de 1997** pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dentro dos órganos de coordinación docente estará un equipo de actividades complementarias e extraescolares (EACE).

As funcións do equipo recóllense no capítulo IV, artigo 75 do decreto citado anteriormente. Tamén é neste documento no que se establece a diferenciación entre as actividades que se propoñen:

Terán carácter de **complementarias** aquelas actividades didácticas que se realicen co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñan carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan. Así, cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudio, conmemoracións e outras semellantes.

Por outra banda, as actividades **extraescolares** serán aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo consello escolar, se realicen fora do horario lectivo. A participación nelas será

voluntaria. O equipo de actividades complementarias e extraescolares encargárase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.

Na orde citada anteriormente recóllense aspectos referidos a realización destas actividades que cómpre resaltar:

- Cando, excepcionalmente, se organicen actividades complementarias ou extraescolares non previstas na programación xeral anual, será necesario a súa aprobación polo equipo directivo, tralo informe favorable, de ser o caso, do equipo destas actividades, dando conta ó Consello Escolar na reunión seguinte que se celebre. Cando estas actividades impliquen modificacións do período lectivo do calendario escolar requirirán, ademais, a autorización do delegado.
- As actividades complementarias e extraescolares non forman parte do currículo oficial e, en consecuencia, non son susceptibles de avaliación académica.
- Tanto as actividades complementarias como as extraescolares deben respecta-los principios de voluntariedade para os/as alumnos/as, a non discriminación e ausencia de lucro. Estas actividades non poderán realizarse en detrimento das actividades inherentes ó currículo oficial.
- Para o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares fóra da localidade, organizadas polo centro, requirirase a previa aprobación por parte do consello escolar, a autorización escrita das familias dos/as alumnos/as participantes e un número suficiente de profesores nunha proporción mínima dun mestre ou mestra por cada unidade. *(A autorización escrita dos pais dos alumnos á que se fai referencia no parágrafo anterior poderá ser unha soa para todas aquelas que figuren na programación xeral anual).

FUNCIÓNS

- Elaborar o programa de actividades complementarias e extraescolares.

- Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar da realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado.

OBXECTIVOS

- Promover e coordinar as actividades culturais que faciliten un desenvolvemento disciplinar do currículo escolar, os obxectivos e as competencias clave en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagóxica, os equipos de ciclo e a AMPA.
- Programar todas aquelas actividades que fomenten o traballo dos elementos transversais dende un punto de vista cooperativo e enriquecedor: educación para a paz, medioambiental...
- Coordinar e organizar os intercambios escolares ou de calquera tipo de viaxes que se realicen cos alumnos/as.
- Fomentar, coordinar e programar as distintas propostas para as conmemoracións e actos que se leven a cabo no centro, en colaboración cos diferentes equipos, así como coa AMPA.
- Proporcionar a alumnos/as e familias a información relativa ás actividades do equipo.
- Colaborar na utilización da biblioteca do centro, así como dinamizar o seu uso.
- Traballar activamente co Equipo de Normalización Lingüística e de biblioteca.
- Levar a cabo reunións cás membros do equipo que favorezan a comunicación e a posta en marcha das diferente actividades que se realizarán ao longo do curso escolar.

O EQUIPO

O equipo de actividades Complementarias e Extraescolares estará formado polas seguintes mestras:

- Ana Cristina Barbeito Fraga (coordinadora).
- Martina López Romero

- M^a Katia Sánchez Alonso
- Lucía Barreiro Iglesias.
- Natalia Soto Antón

SAÍDAS

En canto ás actividades a desenvolver durante o curso escolar 2023-2024, recóllense as seguintes:

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS 2023-2024	
EDUCACIÓN INFANTIL	Saídas con destino sen determinar en calquera dos tres trimestres. Outras saídas pola contorna.
1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	Saídas con destino sen determinar en calquera dos tres trimestres. Outras saídas pola contorna.
2º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	Saídas con destino sen determinar en calquera dos tres trimestres. Outras saídas pola contorna.
3º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	Saídas con destino sen determinar en calquera dos tres trimestres. Outras saídas pola contorna.
4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	Saídas con destino sen determinar en calquera dos tres trimestres. Outras saídas pola contorna.
5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	Saídas con destino sen determinar en calquera dos tres trimestres. Outras saídas pola contorna.

6º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	Saídas con destino sen determinar en calquera dos tres trimestres. Outras saídas pola contorna. Saída final de fin de curso.
EDUCACIÓN FÍSICA	Unha saída por trimestre pola contorna. Todos os cursos. Actividades na natureza, visita a espazos deportivos e/ou museísticos.
MÚSICA	Saída trimestral cultural. Todos os cursos.
INGLÉS	Unha saída durante o curso (posiblemente teatro en inglés). Todos os cursos.

Ademais:

Saída ao cine de Cee e a patinar sobre xeo en Vimianzo, no mes de decembro, para todo o alumnado.

Saída de final de curso, no mes de xuño, para todo o alumnado, aínda por determinar e coa posibilidade de que se desenvolva parte da xornada fóra do horario lectivo.

ACTIVIDADES

A organización das conmemoracións marcadas na orde de calendario para o curso escolar 23/24 levaranse a cabo dende os diferentes equipos do centro (biblioteca, dinamización da lingua galega, TICS...) nalgunhas ocasións en conxunto, e noutras, a organización dependerá individualmente dun equipo. Dentro destas conmemoración as propostas que se realicen poderán ser planificadas a nivel de centro e outras serán traballadas en cada titoría dun xeito máis individual.

PRIMEIRO TRIMESTRE

- 31 de outubro 2023: Samaín e Magosto.
- 21 de decembro de 2023: celebración de final de trimestre, festival de inverno.

SEGUNDO TRIMESTRE

- 30 de xaneiro de 2024: Día escolar da non violencia e da Paz
- 9 de febreiro: Entroido

TERCEIRO TRIMESTRE

- 7 de abril de 2023: Día Mundial da Saúde
- Mes de xuño: Día da Bici.
- 19/20 de xuño: Festa fin de Curso.
- Última semana de xuño: de conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

OUTRAS ACTIVIDADES

Outras actividades a desenvolver ao longo do curso, pendentas de confirmar:

- Contacontos, ofertados polas distintas entidades colaboradoras co centro educativo e editoriais.
- Actividades e obradoiros ofertados polo Concello de Camariñas e/ou Vimianzo.
- Plan Director (5º e 6º curso) para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos.
- Visita a asociación “Mar de fábula” en Camelle, para a contribución da limpeza da praia e posterior obradoiro sobre como darlle unha segunda oportunidade ao lixo recollido.
- Programa “O mar na escola” ofertado polo Concello de Camariñas, para 5º e 6º curso de Educación Primaria (meses de marzo, abril e maio de 2024)
- Curso de Surf, ofertado pola empresa “Ubuntu life” para 2º 3º e 4º de Educación Primaria a través do Concello (meses de marzo, abril e maio de 2024)

Esta programación non está pechada, senón que será mellorada e ampliada a medida que se considere necesario para o desenvolvemento integral do currículo.

As actividades complementarias que se desenvolvan dentro do horario escolar e dentro do propio centro terán como marco de referencia as conmemoracións recollidas no calendario escolar para o curso 2023/2024.

Empregarase unha metodoloxía participativa e cooperativa, onde se promoverá a relación coa comunidade educativa, facendo especial énfase na

aprendizaxe entre iguais, a educación emocional e a resolución pacífica dos conflitos.

Do mesmo xeito, a educación en valores traballarase de xeito transversal en todas as actividades.

As actividades complementarias que teñan lugar fóra do centro escolar terán como responsables un mínimo de dúas mestras ou mestres por cada grupo – aula participante nas mesmas.

A organización detallada das actividades en canto a horarios, distribución do profesorado participante, obxectivo e organización xeral da actividade, farase en función do destino e obxectivo de cada unha das saídas ou actividades e poderá adaptarse ás necesidades da escola ou do grupo participante.

As actividades non reflexadas nesta programación serán incorporadas nas diferentes actas das reunións fixadas por este equipo, na memoria final e levadas ao Consello Escolar para a súa aprobación.

Organizadas pola ANPA en colaboración coa dirección do centro:

Este curso levaranse a cabo actividades extraescolares organizadas pola ANPA facendo uso das instalacións do centro en horarios de 15:15 a 17:15. Inclúense judo, fútbol sala, patinaxe, robótica, pintura...

Neste mesmo horario ofértase o servizo de ludoteca xestionado por profesorado do centro para os días martes, mércores, xoves e venres.

Deporte Escolar

O equipo de deporte escolar será o formado polos/as mestres/as: Alberto Bértola Bértola (coordinador), Aurora Barba Gasamáns e Teresa Barrientos Murias.

Realizaranse ligas internas nos recreos e intentará traballarse e practicar diversos deportes fomentando a actividade física no tempo de lecer.

Obxectivos

- Potenciar a práctica do deporte en idade escolar para a mellora física, mental e de relación entre os alumnos e alumnas.
- Crear hábitos de utilización do deporte como desfrute no seu tempo de lecer.
- Entender o deporte como medio para alcanzar unha vida máis saudable.
- Involucrar a toda a comunidade educativa na procura da mellora da convivencia e o respecto a través do deporte regulado.
- Beneficiarse do gran potencial educativo e formativo que nos achega a práctica deportiva, empregando a competición, o xogo como forma para canalizar as necesidades dos nosos escolares. Trátase de educar para saber competir sacando o máximo proveito desta actividade, non só a nivel de rendemento deportivo, senón a nivel persoal (saber gañar, saber perder, con respecto ás regras e aos contrarios, xogo limpo, esforzo persoal e colectivo, a forza da colectividade/equipo etc.).
- Impulsar a función integradora e de cohesión social do deporte e a actividade física.
- Manter ou mellorar o estado de saúde a través da adquisición de hábitos de vida activos e saudables.
- Permitir a aprendizaxe dos conceptos técnicos e tácticos das diferentes modalidades deportivas, así como o desenvolvemento das calidades físicas necesarias para poñelas en práctica.
- Transmitir hábitos, actitudes e valores como a tolerancia, o respecto aos demais e as regras, o esforzo de superación, a cooperación, a confianza etc.
- Contribuír ao desenvolvemento de actitudes de competitividade sa e xogo limpo.

- Axudar e apoiar a aqueles escolares que polas súas calidades, o seu esforzo e o seu traballo diario necesitan dar un paso máis cara diante respecto da práctica deportiva.
- Dotar o escolar da competencia motriz que lle permita adaptarse a varias situacións da practica non só lúdica e deportiva senón tamén da súa vida diaria.
- Fomentar a práctica deportiva mista, favorecendo a igualdade de xénero.
- Favorecer o achegamento do alumnado a xogos populares coma o brilé, deportes clásicos coma o fútbol...

Actividades propostas

Durante o curso celebraranse varias liguiñas entre o alumnado do centro.

Unha delas é a liga interna de fútbol sala na que participarán os alumnos e alumnas de 5º e 6º de primaria. Tamén poderán participar o alumnado de 3º e 4º invitados polos seus compañeiros e compañeiras maiores.

Polo momento e por cuestión de espazo, unicamente se levarán a cabo liguiñas de fútbol e balonmán.

A final de curso realizarase unha entrega de medallas para os tres primeiros clasificados das ligas realizadas.

Tamén se estudará a opción de introducir outros deportes ou alternativas en base á demanda do alumnado e o material dispoñible.

Favorecerase a iniciativa de que o propio alumnado organice as liguiñas, co cadro de partidos, resultados, puntuacións, arbitaxes, calendario..